



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE AGOSTO DE 2017.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.- constitúe o obxecto da convocatoria a provisión temporal en réxime laboral de dous traballadores para o servizo de mantemento de zonas naturais e espazos públicos. A contratación está subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde do 29 de Agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.

Ocupación	Nº Postos	Servizo	Duración da Contratación
PEÓN	2	MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS E ESPACIOS PÚBLICOS	9 MESES

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 12 da Orde do 29 de Agosto de 2017 e polo sistema de concurso-oposición

Formalizarase co persoal seleccionado un contrato, conforme o previsto no Estatuto dos Traballadores e a Orde reguladora da axuda.

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as as que se lle poidan encomendar pola Alcaldía ou polos concelleiros delegados que garden relación co posto a desempeñar, según as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

2.- MODALIDADE DO CONTRATO.- A modalidade do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da orde do 29 de Agosto de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo anteriormente mencionado e as retribucións, detallase seguidamente:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Ocupación	Servizo	Xornada	Retribucións
PEÓN	Ámbito: No termo municipal do Concello de Friol	Completa. 100%	1.301,64 € Brutos/Mes. Incluída a prorrata da paga extra.

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.- para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso de persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas ao previsto regulamentariamente.
- f) Os traballadores e traballadoras que se presenten no proceso selectivo deberán ser en todo caso persoas desempregadas e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

En cumprimento do establecido na orde reguladora das axudas o persoal seleccionárase entre o preseleccionado polo Servizo Público de Emprego, según oferta presentada ao efecto polo Concello de Friol. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva en función do citado artigo 14 da devandita orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Asemesmo, en función do establecido no artigo 14.2, Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola Consellería, Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas na Orde 29 de Agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL).

Ocupación	Requisitos específicos
Peón	<ul style="list-style-type: none">- Permiso de conducir B.- Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

Os demandantes de emprego deberán presentar documentación acreditativa da posesión dos méritos alegados, mediante calquera documento que probe e de fe da posesión dos mesmos. No caso de non presentarse, non serán valorados.

Co obxecto de asegurar a celeridade do procedemento no acto procederáse á admisión dos aspirantes e a valoración dos méritos aportados polos mesmos con arranxo aos criterios establecidos no Anexo I das presentes bases, así como á realización dunha proba teórica tipo test.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS. A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 29 de Agosto de 2017, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Friol e na súa páxina web (www.concellodefriol.es).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego, para a súa presentación no Concello de Friol, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias cotexadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados) obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co D.N.I. ou documento similar que acredite a súa identidade.

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN. - O Tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos, así como da proba tipo test para provisión dos postos de dous operarios para o "Mantemento de zonas naturais e espazos públicos" estará composto por:

- Presidente: O Técnico do Concello, Don Jesús Morado López.
- Vocal: Don Pablo Veiga López-Castelo, Don José Manuel López Díaz e José Manuel Loureiro Corrales en canto a traballadores do Concello de Friol que teñen a condición de funcionarios ou persoal laboral fixo,

Actuará como Secretario o da Corporación ou persoal administrativo no que delegue.

Actuará como suplente do Presidente, no seu caso, Don Manuel Ramón Prado Fraga e como suplente do Secretario, no seu caso, Don José Carlos Ansele López. Serán suplentes do vogais Don Carlos Sánchez Pazos, Don Fernando Teijeiro Poudereux e Don Alberto López Lodeiro. Non se cumpre coa paridade, pola escasa presenza de mulleres no cadro de persoal do Concello. Actuará como asesor, con voz pero sen voto, o Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello Don Alberto Herrán Calvo.

A selección realizarase o vindeiro día 04 de Decembro do actual, ás once horas e trinta minutos.

O Tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando concorran algunha das causas presentes na vixente lexislación.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Os membros do Tribunal Cualificador valorarán a proba a realizar polos demandantes de emprego, así como os méritos debidamente xustificadas polos solicitantes. Quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso da selección. Todo elo sen prexuízo do que poida dispoñer ao respecto o propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade, así como os aspectos aos que fai referencia a orde reguladora das axudas.

6. - PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. -

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

6.1 Fase de Oposición (Puntuación Máxima 10,00 Puntos)

Realizarase un exercicio que consistira en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con tres respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO II. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos. O exame calificarase de 0 a 10 Puntos. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,50 puntos. As contestadas incorrectamente descontarán 0,25 Puntos e as non contestadas non penalizarán. Este exercicio non será de carácter eliminatorio.

6.2 Fase de Concurso (Puntuación Máxima 6,00 Puntos)

A) Experiencia profesional: (Puntuación Máxima 3,00 Puntos)

- Por servizos prestados na Administración Pública Local ou nos seus organismos en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras e servizos) a razón de 0,07 puntos por mes ata un máximo de 1,50 puntos.

- Por servizos prestados na administración pública estatal ou autonómica en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras e servizos), a razón de 0,06 puntos por mes ata un máximo de 1,00 punto.

- Por servizos prestados na empresa privada en postos relacionados co obxecto da convocatoria (obras ou servizos), a razón de 0,05 puntos por mes ata un máximo de 0,50 puntos.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de contratos de traballo ou de certificación expedida por autorizado ou funcionario que acredite a situación laboral do solicitante.

B) Formación: (Puntuación Máxima 2,00 Puntos)

Valoraranse os títulos e curso de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologadas por estas:

- 0,10 puntos por curso de ata 10 horas ou que non especifiquen o número de horas.
- 0,20 puntos por curso de 11 a 30 horas.
- 0,30 puntos por curso de 30 horas en diante.

Valoraranse en todo caso os cursos sobre prevencións de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo. Os que a xuízo do tribunal non estean acreditados ou non garden relación co posto de traballo, non serán valorados.

C) Entrevista Persoal: (Puntuación Máxima 1,00 Punto)

Entrevista persoal realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do candidato para o adecuado desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado, a criterio ponderado do órgano de selección ata un máximo de 1,00 punto. Tendo en referencia para a súa valoración o artigo 14.5. da Orde de referencia no que se establece que terá preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como: Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero; Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional; Persoas paradas de longa duración; Persoas con discapacidade; Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego e integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia.

6.3 Puntuación Total

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso e na fase de oposición.

O tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es) a efectos de posibles reclamacións durante un período de dous días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

7.-LISTA DE APROBADOS.-

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es) a lista definitiva por orden de puntuación obtida. En caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na fase de oposición, e se persiste o empate o aspirante que tivera maior puntuación no apartado A) da fase de concurso. De persistir o empate, o aspirante que obtivera maior puntuación no apartado B) da fase de concurso e se persiste o empate, por sorteo

8.-SELECCIÓN E NOMEAMENTO.- Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade. Polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web www.concellodefriol.es, no que se ordearán os candidatos por orde da puntuación obtida. Elevarase proposta ao Sr. Alcalde-Presidente, que procederá a ditar resolución ao respecto e á formalización dos contratos laborais, conforme ao previsto na vixente lexislación.

9.- DISPOSICIÓN FINAL.- O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competetente para resolver a as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na súa páxina web (www.concellodefriol.es), ante o Alcalde do Concello de Friol, de conformidade co descrito na Lei 39/2015, ou un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na súa páxina web (www.concellodefriol.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998,



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito. Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón de materia.

En Friol a 22 de Novembro de 2017.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ANEXO I: TEMARIO:

1º.- A Organización Municipal: Órganos e Competencias.

2º.- Concello de Friol: Poboación, Situación Xeográfica, Parroquias, Barrios e Vías de Comunicación, Turismo e Patrimonio.

3º.- Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de obras.

4º.- Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

5º.- Coñecemento de materiais e ferramentas utilizadas no servizo de limpeza viaria.